



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i (2021)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia do coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, vén amosando unha mellora da capacidade investigadora dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación como pola mellora da súa calidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente

